



falaRedes

programa de dinamización lingüística

AUGALINGUA

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a actividade estival Augalingua, que ata o 1 de agosto estará de xira polos concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

A iniciativa de fomento do galego inclúe este ano 150 sesións lúdicas a través dun total de cinco actividades que buscan promover o uso e a valoración positiva da lingua de Galicia, especialmente entre a infancia e a mocidade, enchendo o seu tempo de lecer con actividades de calidade no noso idioma.

Chegado o verán, Augalingua súmase ás catro propostas postas en marcha ata o momento polo FalaRedes 2014 con grande éxito: o concerto Toc Toc, a obra de teatro As fabas máxicas, o concurso Os Bolechas e o Sabichón e o concerto de fados Os sons do vento que pasa, as tres primeiras dirixidas ao público infantil-familiar e a última ao de todas as idades.

Agora, nesta quinta actividade do programa, os protagonistas serán os rapaces de 6 a 12 anos, que se achegarán ao galego de xeito lúdico e participativo durante o seu tempo de ocio nas piscinas municipais ou praias fluvias dos seus municipios.

En Augalingua a rapazada participará en grupo nunha divertida xincana lingüística na que tamén terá que superar unha serie de probas de habilidade e rapidez, sempre co apoio dos monitores de Reverso Comunicación Cultura e Lingua. Unha boa oportunidade para fomentar o uso do idioma entre os máis novos ligando a imaxe do galego á diversión e aos xogos.

Avalada polo grande éxito que colleitou esta proposta o ano pasado, nesta edición apostouse por mantela co mesmo nome e filosofía, se ben se presenta renovada con retos diferentes e refrescará a lingua en 20 concellos pertencentes á RDL que aínda non tiveron a ocasión de gozar dela.

Toda a información sobre FalaRedes 2014 está dispoñible no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística www.xunta.es/linguagalega/falaredes_2014 e tamén nas redes sociais.



@Falaredes



Programa Falaredes



XULLO

- Martes 1: **Barbadás**, na piscina municipal, de 16:00 a 18:00 h
- Mércores 2: **Avión**, na piscina municipal, de 11:30 a 13:30 h
- Xoves 3: **A Baña**, na piscina municipal, de 11:30 a 13:30 h
- Venres 4: **Pontedeiva**, na praia fluvial da área recreativa A Ponte, de 16:00 a 18:00 h
- Luns 7: **Pontecesures**, na piscina municipal, de 12:00 a 14:00 h
- Martes 8: **Mesía**, na piscina municipal, de 11:30 a 13:30 h
- Venres 11: **Toques**, na piscina municipal, de 11:00 a 13:00 h
- Martes 15: **Vedra**, na piscina municipal, de 16:30 a 18:30 h
- Mércores 16: **Cerdedo**, na praia fluvial, de 16:00 a 18:00 h
- Xoves 17: **Abegondo**, na piscina municipal, de 17:30 a 19:30 h
- Venres 18: **Cotobade**, na piscina e praia fluvial, de 16:00 a 18:00 h
- Martes 22: **Sobrado**, na piscina municipal, de 16:00 a 18:00 h
- Mércores 23: **O Pereiro de Aguiar**, na piscina municipal, de 16:00 a 18:00 h
- Xoves 24: **Lobios**, na piscina municipal, de 12:00 a 14:00 h
Porqueira, na piscina municipal, de 16:00 a 18:00 h
- Luns 28: **A Pontenova**, na piscina municipal, de 16:00 a 18:00 h
- Martes 29: **A Peroxa**, na piscina municipal, de 16:00 a 18:00 h
- Mércores 30: **A Pobra do Brollón**, na praia fluvial da Área de Samugueiros, de 17:00 a 19:00 h
- Xoves 31: **Sober**, na piscina municipal, de 17:00 a 19:00 h

AGOSTO

- Venres 1: **Carballedo**, na piscina municipal, de 17:00 a 19:00

